



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Aspectos macroeconómicos e territoriais do mercado de traballo	Código	760492004	
Titulación	Mestrado Universitario en Xestión e Dirección Laboral (Plan 2011)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía			
Coordinación	Martin Palmero, Federico Guillermo	Correo electrónico	f.g.martin@udc.es	
Profesorado	Martin Palmero, Federico Guillermo	Correo electrónico	f.g.martin@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Este curso consolida a aprendizaxe da Economía, permitindo que o alumno amplíe a súa formación e coñecemento do funcionamento do mercado de traballo a través do estudo dos principais modelos macroeconómicos que o explican. Afondarase especialmente nas diferentes políticas económicas que afectan ao mercado laboral.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A8	Adquirir coñecementos para unha idónea organización laboral nos cadros de persoal.
B1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
B2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vencelladas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións (e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan) a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
B5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.
B6	Adquirir un coñecemento amplo das institucións básicas do ámbito socio-laboral especialmente do Dereito do Traballo e da Seguridade Social.
B7	Desenvolver os coñecementos, habilidades e aptitudes que permitan unha idónea dirección e xestión laboral.
B9	Desenvolver a capacidade de organización, planificación e toma de decisións.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Adquirir coñecementos previos de análise económica, co fin de que o alumno comprenda e domine as ferramentas que lle permitan aproximarse á análise do funcionamento do mercado de traballo.	AP8	BP1 BP2 BP3 BP5	
Coñecer a estrutura e o funcionamento do mercado de traballo desde a perspectiva propia da economía laboral, tanto nos aspectos microeconómicos como macroeconómicos.		BP2 BP3 BP4	CM4
Saber recoñecer a incidencia de determinadas accións de política económica sobre a economía no seu conxunto e, moi especialmente, sobre o mercado laboral		BP2 BP3	CM4
Coñecer o funcionamento do mercado de traballo na Unión Europea, en España e en Galicia, desde unha perspectiva económica, e moi especialmente as políticas económicas adoptadas e as súas implicacións e consecuencias.		BP2 BP3 BP6	CM4
Utilizar axeitadamente as fontes de información relativas á economía laboral e ao mercado de traballo e realizar traballos prácticos a partir daquelas.		BP2 BP3 BP7 BP9	CM3 CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
1.- O MERCADO DE TRABALLO NOS MODELOS NEOCLÁSICOS	1.1.- Oferta de traballo 1.2.- Demanda de traballo 1.3.- Equilibrio no mercado de traballo. Salario real e nivel de emprego.
2.- O MERCADO DE TRABALLO NA ECONOMÍA KEYNESIANA	2.1.- Supostos keynesianos para o mercado de traballo. 2.2.- Oferta e demanda de traballo na nova economía keynesiana. 2.3.- Paro voluntario e involuntario
3.- MOBILIDADE, DESEMPREGO E DISCRIMINACIÓN	3.1.- Mobilidade. Efectos da emigración. Externalidades. 3.2.- Desemprego. Medición, tipoloxías e evolución. 3.3.- Discriminación no mercado de traballo.
4.- POLÍTICAS DE FOMENTO DE EMPREGO	4.1.- Políticas macroeconómicas. 4.2.- Políticas activas.
5.- ASPECTOS TERRITORIAIS DO MERCADO DE TRABALLO	5.1.- Estrutura do mercado de traballo no Estado Español. 5.2.- O mercado de traballo en Galicia. Estrutura, políticas e perspectivas.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A8 B6	4	6	10
Sesión maxistral	B3 C4 C8	13	26	39
Traballos tutelados	B4 B5 B7 B9 C3	4	8	12
Proba obxectiva	B1 B2 B9	4	0	4
Atención personalizada		10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Breve repaso a coñecementos elementais de teoría matemática, microeconomía e macroeconomía para familiarizar ao alumno coa linguaxe e metodoloxía a utilizar no desenvolvemento do programa



Sesión maxistral	Presentación e explicación por parte do profesor dos temas incluídos no programa con apoio de TICs. As devanditas presentacións faranse cunha dinámica participativa por parte do alumnado. O profesor será quen de autorizar, no seu caso, o uso de dispositivos e TICs polo alumnado durante as clases maxistras.
Traballos tutelados	Realización de traballos de investigación breves (5-10 páxinas) sobre temas relacionados co programa. Dirixidos polo profesor, afectuaranse de forma individual eu en grupos reducidos.
Proba obxectiva	Proba final para aqueles alumnos/as que non superen a materia ao longo do curso.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais Traballos tutelados	Apoio a aqueles alumnos que teñan especial dificultade cos coñecementos previos de teoría económica e cos instrumentos matemáticos de análise. Establecemento da temática dos traballos a realizar. Orientación nos contidos e nas fontes de información. Titoría sobre os avances dos traballos, presentación, conclusións, etc. Asesoramento na sistemática de presentación. Uso de TICs. Formación de grupos de discusión.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	B3 C4 C8	Avaliarase de forma continua, mediante control presencial, probas curtas e comentarios de textos.	40
Traballos tutelados	B4 B5 B7 B9 C3	A avaliación terá en conta a temática tratada, o grao de síntese así como as conclusións e coherencia das mesmas co procedemento de análise levado a cabo.	30
Proba obxectiva	B1 B2 B9	Estas probas representan o 30% da nota final.	30
Outros			

Observacións avaliación

--

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Mc. Connell , S.L. Brue y D.A. Macpherson (2007). Economía Laboral. Madrid - J.A. Palacio Morena y C. Alvarez Aledo (2004). El mercado de trabajo: análisis y políticas. Madrid - Ll. Fina Sanglas (2001). El reto del empleo. Madrid - L. Toharia (1998). El mercado de trabajo en España. Madrid - L. Toharia (Director) (2005). El problema de la temporalidad en España: un diagnóstico. Madrid - L. Toharia (Compilador) (2000). Los mercados transaccionales de trabajo. Madrid - http://www.ine.es (). Instituto Nacional de Estadística. - http://www.mtas.es (). Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais. - http://www.seg-social.es (). Seguridade Social. - http://www.ige.eu (). Instituto Galego de Estadística. - http://www.ces-galicia.org/ (). Consello Económico e Social de Galicia. - http://www.economiaefacenda.org/observatorio/index.htm (). Observatorio da economía galega. - http://traballo.xunta.es/ (). Consellería de Traballo. - http://www.ces.es (). Consello Social (España). - http://www.sepe.es (). Servizo Público de Emprego Estatal.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

--



Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías